

Palabras de JOSÉ DOMINGO CASTAÑO para a presentación de CUANDO COMPOSTELA SUBIÓ EL TELÓN de Alejandra Juno

O meu con Ditea foi un amor a primeira vista. Cheguei a Santiago con toda a emoción dun rapaz de pobo que entra de novo nunha grande cidade disposto a comerse o mundo. Ben, no meu caso, a comerse a radio. Era un gran soño feito realidade. Alí, naquela Radio Galicia (EAJ4), na Praza da Universidade 5-1º foise facendo home de música e palabra este padronés que hoxe pon en marcha a moviola para achegarse con agarimo a tanta xente querida. Aquel AGUSTÍN MAGÁN, tan de Santiago, tan de teatro, tan de corazón, tan de paciencia, tan de arte...El foi o que arrincou de cada un de nós o mellor que tiñamos para darllo o teatro. MARILUZ VILLAR, compañeira de tablas e radio, compañeira.... Canto verso, canto diálogo, canto medo, canto aplauso, sempre ao seu carón, sempre con ela. JUAN JESÚS VALVERDE, o meu ídolo teatral daquela, ao que logo Madrid o levou para facelo carne do seu teatro e do seu cine. LUIS MIGUEZ, o remanso que buscábamos, entre verso e verso, para matar o gusaniño da vida na xeografía sabrosa e pequena dunha cunca de ribeiro. Aquelas escalinatas da Quintana, onde espallábase a forza da nosa xuventude con Lopes e Calderóns... Aquela viaxe a Madrid, ao teatro Infanta Beatriz, nun vello autobús que nunca chegaba, cos decorados encima.. A primeira crítica de Lorenzo López Sancho no ABC pola nosa carraxe galega de presentar unha obra clásica nun certamen de teatro experimental... Todo eso é Ditea. Todo eso é parte da miña vida, a miña vida, Todo eso é cariño e amor. Que alguén escriba un libro para que ninguén esqueza o que aquilo significou é un bo motivo para crer un pouco máis no xénero humano.

Gracias, Alejandra, en nome do teatro, de Magán, de Ditea e sobre todo, de Santiago, do meu Santiago, do noso Santiago, Gracias.



Pepe Domingo Castaño e Mariluz Villar a comezos dos anos 60 na representación de "Oración" de Fernando Arrabal.

JOSÉ DOMINGO CASTAÑO.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2011